



La Voz de la Salud

Te damos una serie de consejos para cuidarte en Navidad

página 3

Calendario de xaneiro

Garda o calendario para estar ao día ao volver das vacacións

páxinas 4-5

Xogo da oca do Nadal

Propoñémosche xogos, experimentos e ata entrevistas!

páxinas 6-7



NOS XORNAIS

As doce novas deste 2025

O apagón en España, o falecemento do papa Francisco e o novo pontífice, León XIV, as polémicas do segundo mandato de Trump e os incendios de Galicia foron actualidade

L. CANCELA

O 2025 foi un ano cargado de acontecementos que atravesaron todos os ámbitos: política, ciencia, cultura e sociedade. As negociacións internacionais marcaron boa parte da axenda global, con reunións e acordos que buscaron frear conflitos, establecer treguas e definir estratexias económicas ou diplomáticas entre países. Desde cambios de liderado ata descubrimentos científicos que reescriben a historia, o ano ofreceu momentos que quedarán para sempre na nosa memoria.



1 | Trump en decembro do 2024. Samuel Corum / Efe



2 | Donald Trump e Vladimir Putin en agosto en Alaska. Kevin Lamarque. Reuters

1 Trump volve á Casa Branca

O republicano iniciou o seu segundo mandato en xaneiro

■ Donald Trump tomou posesión do cargo de presidente dos Estados Unidos o 20 de xaneiro do 2025, tras gañar as eleccións presidenciais celebradas en novembro do 2024. Iniciaba así o seu segundo mandato non consecutivo, converténdose no segundo presidente na historia do país en regresar á Casa Branca tras ter que abandonala. Neste case primeiro ano tomou medidas moi polémicas, como a retirada dos Estados Unidos do Acordo de París sobre o clima.



3 | A reconstrución do cráneo de Pink (Atapuerca). Nature

2 Conversacións entre Trump e Putin sen contar coa Unión Europea

En febreiro, Trump mantivo unha conversa telefónica co presidente de Rusia

■ O 12 de febreiro do 2025, Donald Trump mantivo unha conversación telefónica co presidente ruso, Vladimir Putin, sen coordinación previa coa Unión Europea nin coa OTAN. Na chamada faláron da guerra en Ucraína. Este contacto xerou malestar en Bruxelas, que reclamou explicacións sobre o contido do diálogo.

go, porque os Estados Unidos e Europa sempre foran aliados. As conversacións continuaron cun encontro presencial en agosto en Alaska, que concluíu sen acordos concretos nin avances sobre o conflito ucraíno.

3 O primeiro habitante de Europa, identificado en Atapuerca

Este achado permitiu saber que a presenza humana en Europa occidental comezou antes do que se pensaba

■ En marzo do 2025, un equipo internacional de científicos



4 | Mario Vargas Llosa no 2019 nun acto en Galicia. César Quián

anunciou en Atapuerca (Burgos) o achado de restos fósiles correspondentes ao que podería ser o primeiro habitante coñecido de Europa occidental, cunha antigüidade superior ao millón de anos. Os restos foron localizados na sima do Elefante e recibiron o nome de Pink. O descubrimento achega novas probas sobre as primeiras migracións humanas cara a Europa e adianta a cronoloxía coñecida da presenza humana no noso continente.



5 | Robert Prevost foi elixido papa: é León XIV. A. di Meo. Efe

4 Morre o escritor Mario Vargas Llosa

O nobel peruano faleceu aos 89 anos deixando unha obra clave da literatura en español

■ O escritor peruano Mario Vargas Llosa, premio nobel de literatura, faleceu o 13 de abril aos 89 anos. A noticia provocou homenaxes institucionais e culturais en todo o mundo. É autor de obras como *A cidade e os cans*, *Conversación na Catedral* ou *A festa do Chibo*. Vargas Llosa foi unha figura central do *boom* latinoamericano e unha referencia intelectual do mundo hispano.

5 Falece o papa Francisco e a Igrexa elixe a León XIV

En abril, a morte do pontífice abriu unha nova etapa para o Vaticano

■ O papa Francisco faleceu o 21 de abril do 2025 aos 88 anos, tras máis dunha década como máximo dirixente da Igrexa católica no mundo. A súa morte deu lugar a varios días de loito oficial, con misas celebradas na basílica de San Pedro ás que asistiron xefes de Estado, representantes relixiosos e delegacións internacionais. O falecemento fixo necesario iniciar o conclave, no que puideron participar os cardeais menores de 80 anos. Despois de varias votacións, o 8 de maio, o elixido foi Robert Francis Prevost, quen tomou o nome de León XIV.

6 Toda España sen electricidade

Un fallo na rede de alta tensión provocou un corte histórico que paralizou todo o país

■ O 28 de abril do 2025, un apagamento eléctrico masivo deixou sen subministro a España e Portugal durante varias horas. O corte afectou o transporte ferroviario, aeroportos, telecomunicacións, hospitais e servizos básicos. Todo o mundo tivo que buscar lanternas e velas. As investigacións oficiais atribuíron o apagamento a un fallo nunha subestación da rede de alta tensión combinado cunha sobrecarga do sistema eléctrico, o que provocou unha caída en cadea de toda a estrutura.



6 | Unha muller merca unha lanterna. Marcos Míguez



7 | Unha aldea tras os incendios. Alejandro Camba

7 Galicia arde

En agosto os lumes queimaron 120.000 hectáreas da nosa terra

■ En agosto Galicia sufriu unha das peores vagadas de incendios dos últimos anos. Unhas 120.000 hectáreas resultaron calcinadas e varios núcleos rurais afectados. As autoridades sinalaron como causas principais a seca prolongada, as altas temperaturas e o vento, ademais da acción humana nalgúns focos. Pese aos plans de emerxencias, moitos perderon as súas casas, animais e lugares de traballo.



9 | Nenos de Gaza celebrando a paz. H. Imad. Efe



8 | A policía no Louvre. Abdul Saboor. Reuters

8 O roubo do Louvre, o máis mediático

A seguridade do museo non foi suficiente para frear un delito cometido en menos de oito minutos

■ O 19 de outubro, un grupo organizado perpetró un asalto ao Museo do Louvre, en París, e conseguiu subtraer oito pezas históricas das xoias da coroa francesa valoradas nuns 88 millóns de euros. O roubo cometeuse en menos de oito minutos na sala Apolo. Os ladróns entraron por unha saída de emerxencia ao exterior, desactivaron alarmas e escaparon antes de que se activase a resposta dos vixiantes. As autoridades lograron deter a varios sospeitosos vinculados a unha rede criminal especializada en roubos de obras de arte con antecedentes noutros países europeos. A pesar das detencións, algunhas das pezas permanecen desaparecidas e mantense unha alerta internacional.



10 | Barcos dos EE.UU. no Caribe. M. Bello. Reuters



11 | O ex fiscal xeral no xuízo. Mariscal. Efe

9 Tregua entre Israel e Gaza

Cun cumprimento parcial

■ O 9 de outubro, Israel e Hamas asinaron un alto o fogo en Gaza,

mediado polos Estados Unidos, as Nacións Unidas e Exipto, con apoio de Qatar. O acordo entrou en vigor o 10 de outubro. A tregua reduciu a intensidade do conflito, pero non supuxo un cesamen total dos ataques.

10 Presión dos Estados Unidos sobre Venezuela

Crecen as tensións no Caribe

■ Neste 2025, a relación entre os Estados Unidos e Venezuela alcanzou un nivel crítico. Donald Trump dixo que Nicolás Maduro, o presidente do outro país, é terrorista, e ofreceu unha recompensa de 50 millóns de euros pola súa captura. Desde o 2



12 | O lugar onde se atoparon os sedimentos. Jordan Mansfield

de setembro, os Estados Unidos atacaron máis de vinte embarcacións de Venezuela e causaron máis de 80 mortos en augas internacionais preto de Venezuela e Colombia. Washington sostén que os barcos transportaban drogas; Caracas considéraas embarcacións de pesca e denuncia violacións da súa soberanía e asasinatos sen xuízo. Expertos en dereito internacional cuestionan a legalidade destas operacións e din que é unha forma de presión dos Estados Unidos. Ademais, neste outono, a Administración de Trump despregou doce buques de guerra, un portaavións, 75 aeronaves e un submarino no Caribe para vixiar e atacar embarcacións sospeitosas de narcotráfico. Neste contexto, a oposición venezolana gañou visibilidade internacional, porque a máxima representante, María Corina Machado, recibiu o Premio Nobel da Paz en Oslo, o que incrementa a presión sobre o Goberno ilexítimo de Maduro.

11 Xuízo ao fiscal xeral

A Xustiza declarou culpable, non sen polémica

■ En novembro, Álvaro García Ortiz, que era o fiscal xeral do Estado (o xefe de todos os fiscais de España), tivo que enfrontar un xuízo porque se lle acusaba de filtrar datos dunha persoa de xeito ilegal. Nunca antes en España alguén que exercera este cargo fora xulgado. O Tribunal Supremo declarou culpable e non lle deixou exercer durante dous anos. A sentenza é polémica porque non queda claro que fora García quen filtrara os datos (di «el o alguén do seu entorno») e, sendo un caso tan grave, moitos pensan que non deberían condenalo se quedaba algunha dúbida.

12 Os humanos sabían facer lume moito antes

En decembro un estudo adiantaba en centos de miles de anos esta habilidade

■ Hai máis de 400.000 anos, os humanos, probablemente neandertais antigos, xa podían acender lume por si mesmos. Descubriuno un equipo internacional ao atopar restos de fogueiras, pedras para facer faíscas e ferramentas queimadas en Barnham, Suffolk, Reino Unido. Unha das pezas de arxila atopada fora usada moitas veces a máis de 750 graos, o que fai pensar que non era lume accidental, senón controlado. Daquela aínda non eramos sapiens!

SAÚDE E NADAL

Consellos para unhas vacacións saudables

Dúas expertas propoñen, para gozar do Nadal ao máximo sen esgotar as enerxías, actividades como un retiro dixital ou darlles máis valor ás nosas tradicións

C. MARTÍNEZ

Dentro duns días comezan as vacacións de Nadal. Un período festivo que implica tempo libre para saír da rutina e gozar. «Non a todas as persoas lles encantan estas festas, e non pasa nada», afirma Conxita López, mestra e membro do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG).

Menos «scroll» infinito

«A televisión e as redes enchen-se de anuncios, mensaxes perfectas e moito brillo. E pode parecer que todo o mundo ten que ser feliz, mercar cousas ou vivir un Nadal de película, pero non é así», remarca a profesional. Se notas que todo ese ruído te angustia, aconséllache que poñas un límite: «Menos scroll infinito e máis tempo real».

O Nadal, guste máis ou menos, ten algo bo: o tempo libre. Por iso, López propón un retiro dixital, desconectar do móbil. «Primeiro podes probar uns minutos sen pantallas, logo unha hora e, se te animas, un día enteiro». E con ese tempo que xa non dedicas á telefonía, prestar atención aos teus. «Pasa tempo cos avós, escoita historias que non saen en ningún libro. Xoga en grupo, pasea pola natureza ou visita a xente que queres».

E as tarefas escolares?

A psicóloga considera que tamén podes aproveitar para poñerte ao día con algunha tarefa escolar, pero puntualiza: «Sen estrés. Son vacacións, non un maratón». É dicir, que estas non supoñan todo o tempo libre das túas vacacións de Nadal.

Cóidate!

Para seguir con enerxía durante todas as vacacións, lembra coi-

darte. «Aproveitar para durmir ben, saír a airearte e comer con calma: cousas simples que axudan a manterse activo para facer plans», di López. Unhas pautas que subliña Rosaura Leis, catedrática de Pediatría e doutora no Hospital Clínico Universitario de Santiago (CHUS). «A saúde iníciase dende os primeiros anos de vida. Por tanto, a elección de estilo de vida que se faga agora será fundamental inclu-

so para cando sexades maiores. Estas vacacións son boas para aproveitar para facer actividade física, durmir ben e coidar a alimentación», amplía.

Pon en valor a tradición

«É momento de recuperar a nosa cultura gastronómica, que

é saudable e sostible. As familias, en xeral, estamos deixando de lado esta dieta por outras ricas en alimentos precociñados, azucre e graxas transaturadas», afirma Leis.

Os mellores mestres desa dieta, que se denomina atlántica pola nosa situación xeográfica, son os nosos maiores. «A dieta dos avós é saúde para nós», engade a catedrática de Pediatría. Por iso, axuda á familia preparando as típicas comidas de Nadal e propón pratos, como unha coliflor con patacas cocidas e bacallau. Puidesdegustalo nalgunha ocasión? «É un prato moi bo no aspecto nutricional porque o peixe é fonte de omega 3», amplía Leis. Acórdate, iso si, de comer con moderación. «Soen ser días nos que as comidas duran moito tempo, copiosas, polo que é importante elixir un tamaño de ración adecuado».

Aceptas un reto?

López considera que, «se che vai o espírito rebelde», podes coller un catálogo de xoguetes e crear contraanuncios de Nadal. Tamén che anima a lanzarte a novos retos, como a papiroflexia, resolver pasatempos ou traballos manuais. «Rétate: cada día algo novo. Unha pequena misión diaria pode facer as túas máis divertidas. E xa que estamos, internet está chea de tutoriais para aprender case que de todo: cociña, malabarismos, nós mariñeiros e incluso trucos coa bicicleta», suxire. O obxectivo é que ao acabar o día sintas que gozaches da xornada.

UN RESUMO DO QUE PODES FACER

1 UN RETIRO DIXITAL

Conxita López recomenda desconectar do móbil uns minutos, unha hora... Poderías pasar un día sen el? «Menos «scroll» infinito e máis tempo real», di.

2 GOZA DO TEMPO

O tempo libre, que de seguro que terás ao deixar o móbil a un lado, utilízao para estar cos teus, para xogar, facer exercicio, unha excursión pola natureza ou paseos.

3 DURMIR E COMER

Para ter enerxía, non te esquezas de descansar o suficiente. Podes aproveitar estes días para non madrugar. E goza na mesa, pero con moderación: ollo coas comidas copiosas!

4 APRENDE TRADICIÓN

Pasa tempo coas persoas maiores. Elas son as mellores mestras das tradicións que implican estas festas. E ten en mente isto: a dieta dos avós é saúde para nós.

5 RÉTATE CADA DÍA

Podes lanzarte a novos retos cada día, unha pequena misión diaria para facer as vacacións máis divertidas: aprender novas habilidades, resolver pasatempos, traballos manuais. Goza!




Soluciones

Punto de vista: 4

Cuenta cubos: 18

Reto de bloques: 1-6/2-3/7-4/8-5

Conecta



Sherlock



3



Roscas heredadas

- 1: CUCHILLO
- 2: BLINDADO
- 3: PORTAVOZ
- 4: ANTICIPO

Flor de palabras

FAROLA | HÉROES
JORABA | EUROPA



LA VOZ DE LA ESCUELA

XANEIRO 2026



ILUSTRACIÓN PINTO & CHINTO


XOVES

1



VENRES

2



SÁBADO

3



DOMINGO

4

144



DECEMBRO

L M Me X V S D

FEBREIRO

L M Me X V S D

1 2 3 4 5 6 7
8 9 10 11 12 13 14
15 16 17 18 19 20 21
22 23 24 25 26 27 28
29 30 31

LUNS



5

Nace a Champions

O xornal deportivo francés L'Equipe lanzou en 1955 a idea de celebrar unha competición entre os clubs campións de liga de Europa.

12



Espeleólogos mozos

Cinco adolescentes descubriron en 1959 en Nerja unha cova na que se atoparon formacións xeolóxicas marabillosas.

19



545 anos de unidade

A unión dos reinos de Castela e Aragón consumouse en 1479, ao herdar Fernando, marido de Isabel e rei de Castela, a coroa aragonesa.

26



Fundación dunha cidade

En 1778 a frota de Arthur Philip chegou á costa australiana cargada de presidiarios e fundou Sidney.

MARTES

6



Ensinou a ler aos cegos

Louis Braille, o home que inventou o sistema táctil de lectura para cegos que leva o seu nome, morreu o día de Reis de 1852.

13



Toque nas conciencias

O francés Emile Zola publicou en 1898 o artigo «Eu acuso» para censurar o xuízo por espionaxe contra o oficial xudeu Dreyfus.

20



Iasir Arafat

Foi elixido democraticamente presidente da Autoridade Nacional Palestina en 1996, pero os palestinos seguen sen Estado.

27



Creador de «Los gozos y las sombras»

Hai 25 anos da morte do escritor ferrolán Gonzalo Torrente Ballester dunha parada cardíaca.

MÉRCORES

7



Debut na presidencia

A primeira vez que España presidiu a Unión Europea foi en 1989, e asumíuna este día, sendo presidente Felipe González.

14



Reunión en Casablanca

En 1943 os aliados Churchill, Roosevelt, De Gaulle e Giraud coordinaron as accións durante a Segunda Guerra Mundial.


21



Centenario de Lenin

Vladimir Ilich Ulianov, alias Lenin, faleceu en 1924, hai hoxe 100 anos. Foi o líder da Revolución bolchevique en Rusia.

28



DÍA MUNDIAL POLA REDUCCIÓN DAS EMISIÓNS DE CO₂

8



Naufraxio do Calypso

Coastguard levou a Singapur en 1996 para reparalo, pero non tiña salvación nin en Francia, a onde foi como último recurso.

15



Galeguismo agrario

En 1910 publicouse nesta data o primeiro número da revista Acción Galega, dirixida polo líder do agrarismo, Basilio Álvarez.

22



Á RAE con monicreques

O debuxante Antonio Mingote ingresou na Real Academia Española en 1987. Comezou no semanario La Codorniz.

29



Avance médico

O primeiro ril artificial, que serve para facer a diálise, funcionou en 1960 na Universidade do Estado de Washington, en Seattle.

9



Morte no exilio

Os restos mortais de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao foron enterrados no cemiterio da Chacarita, en Bos Aires, en 1950.

16



Irán fíxose islamita

O xa de Irán, Reza Pahlavi, abandonou o país en 1979, deixando o camiño libre á revolución islámica liderada polo aiatolá Khomeini.


23



Vaise Dalí

En 1989 faleceu, aos 84 anos, o pintor Salvador Dalí, considerado un dos máximos representantes do surrealismo.

30



DÍA ESCOLAR DA PAZ E A NON VIOLENCIA

Estabelecido en memoria de Mahatma Gandhi.

10



De Cádiz a Marín

A Escola Naval Militar española, centro de formación de oficiais da Armada, foi trasladada de Cádiz a Marín en 1913.

17



«Yellow Submarine»

O disco dos Beatles saíu á venda en Londres en 1969. A canción do mesmo título foi a única cantada por Ringo que chegou ao número 1.

24



O Mac fai 40 anos

O primeiro computador Macintosh de Apple saíu ao mercado en 1984. Cos seus 128 KB de RAM, revolucionou o mundo dos PC.

31



Incendio histórico

Un incendio incontrolable destruíu por completo o Teatro do Liceo de Barcelona en 1994, hai agora 32 anos.

11



«Pax romana»

No 29 a. de C. o emperador Augusto pechou o templo do deus Xano ao finalizar a guerra contra os cántabros e os ástures.

18



Cincuenta anos de paz

Tras o acordo oficial entre Exipto e Israel, firmado en novembro, o fin efectivo da Guerra do Yom Kippur foi nesta data de 1974.

25



Chegan as olimpiadas de inverno.

Hai 102 anos que se inauguraban en Chamonix (Francia) os primeiros xogos olímpicos de inverno.



anos de historia

Fundada por Juan Fernández Latorre na Coruña, La Voz de Galicia está a informar cada día desde 1882.

Rei da fórmula 1

Hoxe fai 57 anos Michael Schumacher, que aínda non se recuperou completamente das secuelas dun accidente de esquí.

A conquista da Lúa

O 2 de xaneiro de 1959 a NASA lanzou Lúa 1, a primeira sonda en alcanzar o noso satélite natural (non chegou a aluar).

Feliz ano 2026!

A Organización das Nacións Unidas declarou o 2026 Ano Internacional do Turismo Sostible e Resiliente.

VIERNES 26

PROPUESTA DE
ANTONIO SANDOVAL
(DIVULGADOR)**En busca de sonidos**

Investiga cuáles son los sonidos más comunes cerca de tu casa, o donde vayas a estar. Si tienes a mano una grabadora, prueba además a grabar algunos, y a crear luego una recopilación. Entre los sonidos de origen no humano están tanto los producidos por los elementos o por masas de agua como los generados por la vida animal. Los primeros se conocen como la geofonías y los segundos como biofonías.

JUEVES 25

PROPUESTA DE
ANA ABELENDA
(PERIODISTA)**Un periodista**

Os propongo poner en marcha vuestro propio periódico. Debe tener en la portada cabecera (con el nombre y logotipo de vuestro periódico), alguna noticia, historia o entrevista interesante. También debéis buscar fotos para ilustrar esos reportajes y una columna de opinión, además de una viñeta de humor. Os recomiendo una publicación de 8 páginas. Imprimid el periódico y repartidlo entre la familia.

**Una historia en forma de fanzine**

La de cosas que pasan en Navidad. ¿Qué tal si las guardas en un fanzine? Son revistas elaboradas a mano que te ayudarán a que tu creatividad se desborde. Puedes incluir fotos, una crónica de la cena de Nochebuena, dibujos con acuarela, poemas... Escoge el soporte, crea una escaleta y lánzate a crear todo lo que se te ocurra. Será un recuerdo fabuloso de tus vacaciones y puede empezar una tradición.



SÁBADO 27

PROPUESTA DE
TERESA MOLEZÚN
(CATEMO EDUCACIÓN)**Agradecer**

En Navidad solemos pasar más tiempo con la familia y los amigos. Es un buen momento para pararnos y reflexionar. Os proponemos que te escribas una carta de agradecimiento a ti mismo. Pero también otra a una persona que durante el año haya sido importante para ti. Con ellas podrás agradecerte a ti mismo los esfuerzos y a la otra persona que te haya acompañado.



SÁBADO 3

PROPUESTA DE
SARA PÉREZ
(XORNALISTA)**As felicitacións de Nadal e Aninovo**

A todos nos gusta recibir unha mensaxe de cariño nestes días na que se lembren de nós. Que mellor idea que que fagades as vosas dende cero na casa? O máis orixinal de todo é que as postais fagan viaxar a vosa creatividade, non vos poñades límites. Primeiro facede un deseño, pensade o que queredes transmitir e logo levádeo con agarimo á realidade!

VIERNES 2

PROPUESTA DE
CINTHYA MARTÍNEZ
(PERIODISTA)**Un juego de siempre**

¿Sabes jugar a la escoba? El objetivo es coger cartas de la baraja española de la mesa y sumar quince puntos usando una de las cartas que tienes en tu mano. El que limpia la mesa es el que hace de escoba, que implica un punto. Además, se llevan un punto el que tenga más cartas al final, el que tenga másoros, el que tenga más sietes y un punto extra el que se lleve el siete deoros. Pregunta a tus familiares cómo se juega y ¡muchacha suerte!



DOMINGO 4

PROPUESTA DE
MARCOS PÉREZ
(DIVULGADOR)**Una narración...**

Solemos pensar que un retrato fotográfico es una representación fiel de la realidad, algo así como una fotografía congelada en el tiempo. Pero los retratos en realidad una narración. Planifica un álbum de las personas que son importantes para ti. Elige un lugar adecuado y haz muchas para escoger la que mejor te represente. Puedes hacerlas incluso en blanco y negro.



MIÉRCOLES 7

PROPUESTA DE
SARA CARREIRA
(PERIODISTA)**Recetas de aprovechamiento**

En Navidad comemos muchísimo, pero siempre queda algo en la nevera (o en el congelador). Os propongo que hagáis un ejercicio de reciclaje, ayudéis a vuestras familias mayores y os divirtáis, todo a la vez. Mirad qué queda en la nevera o en la bandeja de postres y buscad (o inventad) una receta (sin pedir ayuda a los mayores). Seguro que el plato que os salga será muy aplaudido por todos.

JUEVES 1

PROPUESTA DE
OLGA SUÁREZ
(PERIODISTA)**Viajar con un mapa**

Viajar no está al alcance de todos. Pero se puede hacer con la imaginación. En las tardes de vacaciones, el objetivo es completar un mapa. Los jugadores se cruzan y se intercambian las zonas disponibles que ay...

MIÉRCOLES 24

PROPUESTA DE
JOSÉ MANUEL DOPAZO
(PROFESOR)

Ten 24 horas para completar unha misión secreta e podes ter de cómplice a quen queiras. Terás que deseñar adornos para a túa árbore de Nadal, empregando material reciclado e que teñas na casa. Dedicarásle cada adorno a alguén da túa familia e organizarás unha busca do tesouro para que os atopen. Non podes entretete! O teu obxectivo é que todos eses adornos estean colocados na árbore o día de Noiteboa!



Las célebres lecturas científicas

Este 2025, como (casi) cada año desde 1825, la insigne Royal Institution británica organiza una nueva edición de sus célebres *Lecturas* (científicas) de Navidad, nacidas gracias al empeño de Michael Faraday. Este año tiene un componente especial porque celebra su bicentenario. Puedes presenciar tan inexcusable cita los días 28, 29 y 30 de diciembre a las 19.00 horas en YouTube.

**LUNES
29**

PROPUESTA DE
**CARLOS
OCAMPO**
(PERIODISTA)

Lee y compón un soneto

Un soneto es un poema que tiene un número de versos fijo, lo que hace difícil componerlos. Grandes sonetistas españoles fueron los clásicos Luis de Góngora, Francisco de Quevedo o Lope de Vega. Más recientes los hay dignos de mención, como los de Ángel García López. Busca su «¡Arantxa, come!» para que te sirva de modelo. Cuenta las sílabas y los versos y atrévete a componer tú uno.

**LUNES
5**

PROPUESTA DE
JOSÉ MANUEL PAN
(PERIODISTA)

Sóñar

Que nadie os quite nunca la ilusión en la noche más mágica del año. Os animo a soñar con un mundo más justo, sin guerras, con niños que puedan ser felices. ¿Qué os gustaría que pasase? Los sueños, a veces, se hacen realidad.



De oca en oca para espremer as vacacións

*Os colaboradores de La Voz de la Escuela
propoñen toda clase de actividades e xogos
para que poidades aproveitar ao máximo os
días de lecer. Ademais, dámosvos propostas
para que coñezades un pouco mellor os
maiores da vosa casa. Bo Nadal!*



**MARTES
30**

PROPOSTA DE
LUCÍA CANCELA
(XORNALISTA)



Entrevista familiar

Elixes un dos teus familiares para facerlle unha pequena entrevista. Debes preparar entre cinco e oito preguntas, poden ser sinxelas ou non, por exemplo: «Como celebrabas o Nadal cando eras pequeno?». Podes gravar en audio a charla ou escribirla directamente. Debes organizar a información e redactala contando o que máis che sorprendeu. Despois reflexiona: en que se parece o Nadal de hai uns anos ao que celebramos agora? Cal cres que é máis divertido?



Jugar con el papel de regalo

Llegó el día de abrir paquetes, de desvelar los regalos. Hay mil maneras de aprovechar los envoltorios. Puedes hacer cosas útiles, como forrar cajones o crear sobres decorativos. Y si te gusta el origami, no hay límites ni fronteras: figuras, pompones, tortugas ninja...

**MARTES
6**

PROPUESTA DE
**CÉSAR
RODRIGUEZ**
(PERIODISTA)

**MÉRCORES
31**

PROPOSTA DE
SARA CABRERO
(XORNALISTA)



Un pasapalabra na casa

Esta noite seguro que vos xuntades moitos arredor dunha mesa. Por iso é bo momento para xogar en familia. E ti serás o presentador. Prepara un Kahoot con varias preguntas. Poden ser temas de cultura, actualidade ou do que te apeteza. Despois das uvas, ponte as túas mellores galas para ser o presentador do teu *Pasapalabra*... A xogar!

Una brújula hecha en casa

Construye una brújula casera. No es muy difícil: solo necesitas una aguja, un imán, un cuenco con agua y un trozo de corcho (tapón de alguna botella). Primero imanta la aguja frotándola con el imán siempre en la misma dirección. Coloca la aguja sobre el corcho y ponlo a flotar en el cuenco con agua. Verás cómo la aguja gira hasta alinearse con el norte y el sur, formando tu propia brújula. Ahora, haz una excursión con ella.



**LUNES
22**

PROPUESTA DE
**FRAN
CANOURA**
(PROFESOR)



**MARTES
23**

PROPOSTA DE
JORGE NOYA
(XORNALISTA)




DESAFÍOS DEMENTE!

por Agustín Fonseca (pasatiempos.ijlab.es)

PUNTO DE VISTA

Indica cuál de las imágenes de la derecha se corresponde con la vista superior de la figura maestra.




Reto N.º 1




Reto N.º 2 CUENTA CUBOS

¿Cuántos cubitos faltan para completar un gran cubo de 4x4x4 cubitos?




Identifica qué figura de la 3 a la 6 es la correspondiente a la vista superior de cada una de las estructuras de bloques 1, 2, 7 y 8.



Reto N.º 4

DÉDALO

El objetivo es formar caminos entre todas las casillas numeradas de manera que cada uno comience y termine en las que tienen el mismo número. Los caminos no pueden cruzarse entre sí y todas las casillas del tablero deben utilizarse en algún recorrido.




Reto N.º 3

RETO DE BLOQUES

Reto N.º 5

SHERLOCK


¿Cuál de las figuras, numeradas del 1 al 6, es la que continúa la serie en la posición de la interrogación?



Reto N.º 6

FLOR DE PALABRAS

Coloca dos letras en el centro de la flor de manera que, con las existentes, se puedan formar cuatro palabras.




¿Sabías que...?


Durante los primeros siglos del cristianismo no existía una fecha fija para celebrar la Navidad. El 25 de diciembre se adoptó siglos después, coincidiendo con antiguas festividades romanas.

Reto N.º 7 HEREDADAS

Cada rosca esconde una palabra que se puede leer en el sentido de las agujas del reloj o al revés. Cuando resuelvas la primera de la izquierda, traslada la letra nueva a la casilla de la siguiente rosca indicada por la flecha y así sucesivamente con las demás.



REVOLTIJO



¡Prepárate para una experiencia inolvidable en la nieve! Tu misión: encontrar una serie de elementos ocultos entre duendes, regalos y diversión.

Cosas a encontrar:

Encuentra lo que ves en cada círculo:



y además....

1. Un payaso
2. Un barril
3. Tres fantasmitas
4. Un oso panda
5. La letra "A"
6. Un extraterrestre
7. Una bufanda a rayas
8. Un avión de papel
9. Un hongo
10. Un turista de China
11. Un pajarito azul
12. Una pelota
13. Santa Claus